

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL  
E MARIÑO

**12624** Orde ARM/2152/2010, do 29 de xullo, pola que se modifican os anexos II e III do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro.

A Lei 3/2000, do 7 xaneiro, de réxime xurídico de protección das obtencións vexetais, no seu artigo 4 establece que será de aplicación a todos os xéneros e especies vexetais, incluídos os híbridos de xéneros ou de especies.

O Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, aprobou o Regulamento de protección de obtencións vexetais, no cal se establece o recoñecemento e protección do dereito do obtentor dunha variedade vexetal nova, concedendo un título de obtención vexetal como dereito de propiedade especial coa extensión e límites que se establecen na Lei 3/2000, do 7 xaneiro, e neste regulamento.

O Regulamento (CE) 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria de variedades vexetais, no seu artigo 4 crea a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais e no seu artigo 55 establece que o exame técnico, necesario para a concesión dun título de protección a nivel comunitario, pode ser realizado por algúns dos Estados membros para variedades de determinadas especies e que así fosen aprobadas polo Consello de Administración da Oficina, que se regula no capítulo II da parte III do propio Regulamento (CE) nº 2100/1994 do Consello, do 27 de xullo.

As cantidades, datas, lugares de entrega de material para a realización destes exames técnicos, para as distintas especies, serán os establecidos nos anexos I, II e III do regulamento que agora se modifica.

Recentemente a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais incluíu a Oficina Española de Variedades Vexetais como oficina de exame para novas especies, motivo polo que se fai necesario incluír estas especies no ámbito de aplicación do Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, modificando os anexos II e III deste real decreto.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para modificar os anexos deste que foron aprobados mediante este real decreto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección de obtencións vexetais.*

O Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección de obtencións vexetais, queda modificado como segue:

Un. Inclúense no anexo II as seguintes novas especies:

«Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<i>Forraxeiras, pratenses, cespitosas, leguminosas gran</i>				
Alverxón ( <i>Vicia narbonensis</i> L.)	1 de agosto	3 kg (1)	1 de setembro	

«Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<i>Especies hortícolas</i>				
Nabicol (Brássica napus L. var. napobrassica (L.) Rchb.)	1 de marzo	60 g (1)	1 de abril	
Híbridos interespecíficos do xénero Lycopersicom	1 de xuño	20 g (1)	1 de xullo	
Nabo (Brássica napus L.)	1 de abril	300 g (1)	1 de maio	
<i>Froiteiras</i>				
Fortunela (todas as especies) e os seus híbridos	15 de abril	4 varas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con ao menos 20 xemas útiles. (4)	Entre o 15 de maio e o 30 de xuño	
Híbridos interespecíficos do xénero Citrus	15 de abril	4 varas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con ao menos 20 xemas útiles. (4)	Entre o 15 de maio e o 30 de xuño	
Figueira (Ficus carica)	1 de marzo	7 plantas dun ano enraizadas en macetas. (12)	Entre o 1 de abril e o 15 de maio	
Todas as especies cultivadas do xénero Vitis, así como os seus híbridos interespecíficos e intervarietais.	1 de decembro	15 barbados en caso de patróns. 10 plantas enxertos sobre patrón 110 Richter, no caso de variedades viníferas ou de mesa, ou xemas suficientes para obter 10 plantas. (6)	Entre o 10 de xaneiro e o 10 de febreiro.»	

Dous. Engádesse no anexo III o seguinte enderezo para a entrega do material vexetal a que fan referencia os anexos I e II, en función da especie de que se trate:

«Referencia	Enderezo
12	Xunta de Extremadura Centro de Investigación da Finca de la Orden e Valdesequeda.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xullo de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.